

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 25 DE MARZO DE 2009, SOBRE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E DELEGACIÓN DE SINATURA EN FAVOR DE VARIOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS,

Como consecuencia dos ceses do vicerreitor de Relacións Institucionais, do vicerreitor de Cultura, da vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, do vicerreitor de Infraestruturas e da vicerreitora adxunta de Infraestruturas e Servizos, faise necesario avocar estas competencias en favor do órgano delegante.

Así mesmo e en tanto non se produzan os nomeamentos dos novos vicerreitores/as ou vicerreitores/as adxuntos, ou no seu caso se modifique a Resolución de delegación de competencias por reorganización de funcións, é necesario, para garantir a celeridade e eficacia na resolución de asuntos, distribuír a sinatura dos actos e acordos mediante unha delegación de sinatura conforme o artigo 16 da LRXAP-PAC.

Por todo o anterior, este Reitorado RESOLVE:

Primeiro.-

Avocar as competencias do vicerreitor de Relacións Institucionais, do vicerreitor de Cultura, da vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, do vicerreitor de Infraestruturas e da vicerreitora adxunta de Infraestruturas e Servizos, establecidas na Resolución Reitoral de 31 de xullo de 2007 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG 19 de setembro de 2007), de conformidade co artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e disposición 18 da antedita Resolución Reitoral.

Segundo.-

As competencias que figuran na Resolución Reitoral de 31 de xullo de 2007 en favor do/da vicerreitor/a de Relacións Institucionais serán exercidas directamente polo Reitor.

Terceiro.-

Outorgar unha delegación da sinatura temporal das resolucións e actos administrativos sobre as competencias que figuran na Resolución Reitoral de 31 de xullo de 2007 en favor do/da vicerreitor/a de Cultura, do/da vicerreitor/a de Profesorado e Organización Académica e do/da vicerreitor/a de Infraestruturas e do/da vicerreitor/a adxunto/a de Infraestruturas e Servizos, do seguinte xeito:

- As resolucións e actos administrativos sobre as competencias do/da vicerreitor/a de Profesorado e Organización Académica, se delegan, na súa sinatura, no vicerreitor de Oferta Docente e EEES.
- As resolucións e actos administrativos relativos ás competencias do/da vicerreitor/a de Infraestruturas, se delegan, para a súa sinatura, no vicerreitor de Asuntos Económicos.


- As resolucións e actos administrativos sobre as competencias do/da vicerreitor/a de Cultura, se delegan, na súa sinatura, na Secretaria Xeral.
- As resolucións e actos administrativos relacionados coas competencias do/da vicerreitora adxunta de Infraestruturas, se delegan, para a súa sinatura, no vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo.

Cuarto.-

A delegación de sinatura non alterará a competencia do órgano delegante e nas resolucións e actos que se asinen por delegación se fará constar a autoridade de procedencia e os datos da presente resolución.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009

O reitor



Senén Barro Ameneiro